

Facultade de Filoxía e Tradución  
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 26/06/2020

Acta da sesión extraordinaria da Comisión de Calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 26 de xuño no Salón de Actos da FFT do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

**Asistentes:**

*Presidencia*

José Francisco Montero Reguera

*Secretaría*

María Seijas Montero

*Sector profesorado*

Inmaculada Báez Montero

Ana Bringas López (PDI)

Carmen Cabeza Pereiro (PDI)

Antonio Chas Aguión

Jorge Figueroa Dorrego

María Dolores González Álvarez

Lourdes Lorenzo García

Ana Luna Alonso (PDI)

Ana María Pereira Rodríguez

Maribel del Pozo Triviño

Fernando Ramallo Fernández

Antonio Rifón Sánchez

Alexandre Rodríguez Guerra

Nuria Yáñez Bouza

José Yuste Frías

*Non asisten*

Raúl Manuel Pérez Álvarez (estudiante)

Tania Souto Rodal (estudiante)

Belén Otero Rey (PAS)

Ábrese a sesión ás 11:15.

Punto único da orde do día

**Aprobación, se procede, da memoria de modificación do Grao en Tradución e Interpretación.**

O decano inicia a súa intervención explicando que o equipo de traballo da FFT, coordinado por el mesmo, para revisar a memoria de modificación preparada pola comisión redactora delegada do departamento de Tradución e Lingüística quere informar á Comisión de Calidade sobre as alegacións/observacións feitas ao documento resumo de modificacións da memoria, e á propia memoria no referente á redacción, competencias, fichas e resultados que deben ser atendidas antes de enviar a memoria ás instancias correspondentes. Pide aos membros da comisión redactora que expoñan as liñas xerais de esta modificación.

Comenza un turno de intervencións no que Ana Luna, que fala en nome da comisión redactora, agradece o traballo do equipo e as súas alegacións. Sinala que farán a revisión oportuna con respecto a forma. Informa que na elaboración da memoria seguiron o que propuxeron na anterior Xunta de Facultade, é dicir, non fan modificacións importantes, de feito a proposta non altera a memoria anterior. Fanse actualizacións puntuais que lle pediron e seguiron as recomendacións do director da Área de Grao, non hai modificacións de materias, nin de créditos, nin de contidos, só pequenas modificacións de equilibrios de grupos que non alteran a formación e non impiden que haxa novas reformas da memoria.

O decano explica o documento que preparou o equipo de traballo que estivo estudando a memoria desde unha perspectiva construtiva para tentar enviar á dirección da Área de Grao o mellor documento posible. Sinala que as cuestións formais pódense arranxar sinxelamente, pero hai outras cuestións de maior entidade que non son formais e que hai que revisalas polo miúdo, pois non seguen as normas de calidade para a preparación destas memorias de modificación e non resolven axeitadamente o que se pide neste tipo de memorias. A idea é mellorar o documento final. No documento resumo de modificacións indícase que non hai modificacións en moitos apartados cando si as hai. Hai desaxustes no apartado de sexenios do profesorado entre as memorias de 2009 e 2020. Doutra banda, boa parte do documento procede da memoria do grao en Linguas Estranxeiras, recentemente aprobado na Xunta de Facultade, pero moitas cousas non se poden aplicar ao grao en Tradución e Interpretación. Ademais hai erros nas competencias e iso afecta ás fichas das materias da memoria, polo que é necesario que o documento sexa revisado antes de ser entregado para que non teña que pasar unha nova verificación.

Toma a palabra a directora do departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá que sinala que, ademais das cuestións máis técnicas, todos os títulos son do centro, non dos departamentos, por iso nas outras memorias (FAGE e LE) participaron todas as áreas que tiñan docencia neses títulos, aínda que non formasen parte da comisión redactora, e iso non aconteceu neste caso. Non estaría de máis que todas as áreas que participan no título de GTI puideran aportar algo antes de presentar o documento final. Ademais boa parte desta memoria é unha reprodución total ou

parcial da memoria do GLE e nalgúns casos deberíase agradecer, por cortesía académica, o traballo feito polas persoas que participaron na comisión de elaboración desta memoria. Nembargantes, non se falou nin co departamento de FIFA, nin coa coordinadora do grao en Linguas Estranxeiras para ningunha das fichas das materias do GTI. Conclúe dicindo que a memoria necesita unha revisión para garantir que se vaia aprobar na ACSUG.

Ana Luna toma de novo a palabra e insiste no agradecemento por todos os comentarios e alegacións indicadas, e sinala que intentaran estar á altura para revisar todo o necesario. Tamén sinala que foron nomeados como comisión redactora do departamento porque no GTI non hai Xunta de Titulación. Insiste en que hai cousas que non se modificaron con respecto á memoria de 2009 porque así llo dixo o director da Área de Grao e para non entrar no proceso de verificación. Agradece ademais os datos proporcionados pola Área de Calidade. En canto ás competencias explica que non seguiron o documento da ACSUG porque así llo indicaron desde a Área de Grao, e igual con respecto as fichas que se lle pediron ao profesorado responsable das materias do GTI, mantiveron no posible a memoria do ano 2009.

O decano sinala que lle estraña moito que desde a Área de Grao defendesen un mantemento estrito da memoria de 2009 cando non foi así no caso da memoria de LE.

A coordinadora do grao en Linguas Estranxeiras reitera as palabras da directora do departamento de FIFA desde o punto de vista da coordinación de LE, como persoa redactora da memoria de LE e tamén como profesora do GTI. Sinala que houbo pouca cortesía académica por parte da comisión redactora do GTI. Ademais insiste en que hai que seguir o documento da ACSUG como tiveron que facer no grao de LE, hai que declarar as modificacións que se fixeron e adaptar as fichas das materias, non modificadas, e non están ben adaptadas aos requirimentos da ACSUG.

A directora do departamento FIFA di que o feito de que o GTI non teña Xunta de Titulación, como tampouco a ten o grao de LE porque como consecuencia da COVID non se puideron convocar eleccións, non quere dicir que non haxa que consultar ás outras áreas presentes no título de GTI. Reitera, en contra do que dixo Ana Luna, que ao profesorado do departamento FIFA ninguén lle pediu que modificara as fichas da memoria.

O director do departamento de Lingua Galega reconece o esforzo do departamento de Tradución e Interpretación, pero insiste tamén en que a memoria lle ofrece dúbidas interpretativas nas materias de galego e español, sostén que na memoria vella había catro materias diferentes para galego e agora só dúas, ademais os nomes das materias cambian ao longo da memoria e hai que revisala. Agradece o traballo do equipo decanal coas observacións que se enviaron e finaliza transmitindo animo a directora do departamento, a coordinadora do grao, e a comisión redactora do título polo traballo feito.

Ana Luna insiste que farán as correccións oportunas e a revisión que corresponda para que poda saír adiante a memoria.

Sométese a aprobación e a Comisión de Calidade informa negativamente da proposta da memoria de modificación do grao en Tradución e Interpretación con 8 votos en contra dous a favor e 6 abstencións.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión as 12:01.

Vigo, 26 de xuño de 2020

Visto e prace do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)



José F. Montero Reguera

María Seijas Montero

## **DILIXENCIA**

Para facer constar que esta acta foi aprobada na Comisión de Calidade ordinaria do 21/07/2020

A/O Secretaria/o da Comisión de Calidade



María Seijas Montero